



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfnos: 988 272 644 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



Xacobeo 2021

TECNI SYSTEM BROKER
CORREDURIA DE SEGUROS, S.L.



Empower Results®



Allianz



MARKEL



DEPORTE
GALEGO

galiciã

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

COMUNICADO Nº 063/20 14 DE ABRIL DE 2020

RESUMO DA REUNIÓN CELEBRADA HOXE ENTRE A PRESIDENTA DO CSD E AS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS ESTATAIS:

1. Aprobada xa a subvención ás federacións pendente de publicación no BOE.
2. Coa subvención tamén se aproban préstamos de 1,2 millóns para casos de urxente necesidade.
3. Os procesos electorais deberán celebrarse todos en 2020. Non cabe a súa prórroga a 2021 (solicitouse polas federacións dita prórroga). Aínda que dixo que haberá flexibilidade para, ou ben iniciar inmediatamente o proceso electoral unha vez conclúa o estado de alarma, ou ben deixalo para despois do verán.
4. O sector deportivo debe renovarse e adaptarse ás novas circunstancias provocadas polo COVID-19. Debe haber un cambio de paradigma. A Presidenta do CSD centrouno nos seguintes aspectos:
 - a) Tecnolóxico (dixitalización xeral). Transformación dixital.
 - b) Gobernanza.
 - c) Transición ecolóxica (deporte sostible).
 - d) Sustentabilidade económica.
 - e) Internacionalización.
 - f) Deporte saudable.
5. Flexibilización da interpretación das normas de xustificación de subvencións recibidas, en canto aos conceptos subvencionables e os gastos admisibles, pero sen relaxar nunca os criterios de xustificación.
6. Adestramentos e actividade deportiva. Preguntouse ela mesma polo ¿cando? e evidentemente dixo que se trata de algo indeterminado condicionado á duración da pandemia. Si comentou o ¿como?, é dicir, a forma en que se volverá ou se poderá volver aos adestramentos e á competición. Dixo que en calquera caso estableceranse protocolos sanitarios moi estritos. Comentou que todo indica que aínda quedan semanas de confinamento. recalcou en calquera caso dous factores a ter en conta á hora de avaliar cada deporte:
 - a) Grao de contacto na súa práctica.
 - b) A mobilidade que pode representar de deportistas, no sentido de que mentres máis desprazamentos, máis mobilidade e máis posibilidades de contaxio.

Sería interesante que cada federación redactase un protocolo de actuación nas súas competicións e adestramentos e facelo chegar ao CSD. Desde os desprazamentos (tratar de que sexan en transporte privado e non grupais), ata as estancias en hoteis, restaurantes e a conduta para seguir nos escenarios deportivos e á hora da competición en si.

7. Van comunicarnos soporte legal sobre como deben concluir as competicións (sobre todo as ligas), pero deixando claro que son as Comisións Delegadas das Federacións as competentes para tomar as decisións respecto diso. Haberá que valorar o que informe o CSD respecto diso en relación coas probas puntuables que non poidan celebrarse finalmente (no seu caso) e haxa que readaptar a puntuación final e a clasificación final (parecido a unha competición de Liga, na que algún ou varios partidos xa non se poidan disputar). En calquera caso a Presidenta dixo que deberá respectarse o principio de xustiza deportiva das competicións tendo en conta as súas propias características.
8. Concluíu lanzando unha mensaxe de optimismo, pero tamén de realismo. Debemos ser conscientes, dixo, de que a situación vai seguir sendo complicada tempo despois da crise. Comentou que as competicións non serán iguais ata que non chegue unha vacina ou un tratamento médico plenamente eficaz. Haberá que aproveitar para reestruturar o deporte e as nosas federacións á realidade, aspecto este que sen dúbida terminará sendo positivo.